

## **OBRADOIRO: GEOGEBRA NA WEB 2.0. MOODLE E WIRIS**

**PEREIRO CARBAJO, Débora;**  
**GESTEIRA LOSADA, Esperanza**  
*CGTD. Extensión do IES Sánchez Cantón (Pontevedra)*

**LARROSA CAÑESTRO, Ignacio**  
*IES Rafael Dieste (A Coruña)*

**RODRÍGUEZ SOMOZA, Aia**  
*CPI de Mondariz*

**DE LA TORRE FERNÁNDEZ, Enrique**  
*Facultade de Ciencias da Educación (Universidade de A Coruña)*

**ZACARÍAS MACEIRAS, Fernando**  
*IES As Mariñas (Betanzos)*

### **GRUPO XEODIN**

#### **ABSTRACT**

With the enormous diffusion of the tools web, the virtual classrooms are earning each day a main protagonismo in the educative centres, so much like support to the docencia presencial like semipresencial. To use it and rentabilizar his pedagogical potential, pretend with this workshop familiarizar to the profesorado with the tools, resources and activities that offers Moodle integrating GeoGebra, Wiris and Descartes.

**Palabras chave:** Moodle, GeoGebra, Wiris.

#### **RESUMO**

Coa enorme difusión das ferramentas web, as aulas virtuais están cobrando cada día maior protagonismo nos centros educativos, tanto como apoio á docencia presencial como semipresencial. Para utilizala e rendibilizar o seu potencial pedagóxico, preténdese neste obradoiro familiarizar ao profesorado coas ferramentas, recursos e actividades que ofrece Moodle integrando GeoGebra, Wiris e Descartes.

Día a día tratamos de modificar o noso rol docente buscando e actualizando un modelo de ensino no que poidamos participar e compartir co alumnado unha aprendizaxe tamén en rede, un ente cada vez máis social, que complete o ensino presencial, abra espazos, rutas e horarios. Atopámonos hai pouco co entorno de aprendizaxe virtual MOODLE.

Na nosa preocupación por conseguir mellores resultados, buscando maior eficacia na nosa docencia unímonos a outros, colaboramos e compartimos coñecementos, experimentamos e aprendemos entre iguais. Este modelo de traballo convértese nun produto de aprendizaxe mediante a utilización das TIC. O resultado é un conxunto de cursos virtuais que estes anos levamos ás nosas aulas.

A plataforma virtual Moodle presenta un potencial incuestionable para ser explorada con fins educativos, permitindo a redefinición dos modelos formativos e as metodoloxías existentes na actualidade. Isto lévanos a considerar a aula Moodle como unha contorna de aprendizaxe perfectamente compatible e idónea para experimentar con actividades matemáticas deseñadas con software dinámico como GeoGebra, Wiris ou Descartes.

A inserción de applets de GeoGebra, Wiris ou Descartes en Moodle, introduce un potencial didáctico moi interesante. A última versión de GeoGebra permítenos exportar calquera actividade realizada con este potente software como páxina web independente que funciona perfectamente dentro de Moodle. Wiris proporciónanos un editor de ecuacións e unha ferramenta de cálculo, Wiris Cas, que podemos utilizar tanto os profesores no deseño das actividades como os alumnos nas respostas, sempre que estea integrada en Moodle.

Isto vai obrigarnos a deseñar actividades diferentes, explorando e investigando o coñecemento matemático desde outros puntos de vista.

Por outra banda, de maneira sinxela, Moodle permite a reutilización de recursos elaborados por outros e outras compañeiras, adaptándoos á programación ou obxectivos particulares. Os materiais reutilizados publicados baixo a licenza Creative Commons, permiten o seu uso e adaptación sen máis que cumprir as condicións de recoñecemento de autoría, non comercial e compartir con igual licenza.

Por último, a combinación deste software matemático con Moodle constitúe un elemento motivador para o alumnado, pois se adapta aos diferentes ritmos de aprendizaxe, permite reforzar a interactividade, fomenta a seguridade no aprendido e contribúe sen ningunha dúbida ao desenvolvemento de competencias.